



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o expediente tramitado para a contratación polo procedemento negociado sen publicidade do contrato Mixto consistente na Subministración de dotación para Parque Infantil na Praza Pública na Urbanización de As Lagoas e a súa correspondente obra de instalación, no Concello de Bueu (Pontevedra)

Vista a proposta da Mesa de Contratación celebrada con data 13 de Agosto de 2012.

De acordo co establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación e o disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Esta Alcaldía, ó abeiro das facultades atribuídas de acordo coas facultades sinaladas no art. 21. da Lei 57/2003 de 16 de Decembro de Medidas para a modernización do Goberno Local pola que se modifican determinados preceptos da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e concordantes Lei Galega 5/97 e R.D. 2568/1986.

RESOLVE:

Primeiro.- Avoca-las competencias delegadas na Xunta de Goberno Local para este asunto por canto faise preciso dispoñer do subministro á maior brevedade ós efectos de xustificar a subvención outorgada en prazo.

Segundo.- ACEPTAR A PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN de adxudicar o contrato de Subministración de dotación para Parque Infantil na Praza Pública na Urbanización de As Lagoas e a súa correspondente obra de instalación, no Concello de Bueu (Pontevedra) á Entidade Mercantil HPC IBÉRICA S.A. con CIF A-58620808 e moradía social na C/ Paris num. 184 5º 2ª (08036 Barcelona), e cos compromisos contemplados no Sobre B da súa oferta económica.

Con independencia das Melloras económicas ofertadas polo importe de 4.580,67€ (Ive ó 18% engadido)

Terceiro.- A Empresa adxudicataria, antes da formalización do contrato e dentro dos CINCO DÍAS hábiles seguintes á notificación de adxudicación deberá acreditar a constitución de garantía definitiva equivalente ó 5% do importe de adxudicación (Ive



Excluído) que poderá constituirse en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.


Terceiro.- Notifica-lo presente acordo ó adxudicatario do contrato, así como ós demais licitadores, xunto co seu réxime de recursos con indicación de que o expediente se atopa na Secretaría do Concello para poder examinalo no momento que desexe; e significándolle ó primeiro que o representante desa empresa deberá persoarse no Concello en horario de luns a venres e de 8 a 14 horas para formaliza-lo contrato, no prazo máximo de DEZ DÍAS HÁBILES seguintes a contar desde o seguinte ó de recepción por esa empresa da presente notificación de adxudicación do contrato no que deberá aportar a documentación complementaria sinalada no Prego de Cláusulas Administrativas.


O documento administrativo de formalización do contrato constitúe título suficiente para acceder a calquera Rexistro Público. Non obstante o anterior, dito contrato administrativo poderá elevarse a Escritura Pública a petición do contratista e á súa costa. O contratista, ademais do contrato, deberá asina-lo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. Estes documentos terán carácter contractual.

Se por calquera causa imputable ó contratista non se tivera formalizado o contrato dentro do prazo indicado, o órgano de contratación poderá acorda-la resolución do mesmo, así como a incautación da garantía definitiva.

Cuarto: Dar conta en Xunta de Goberno Local, instando en todo caso a súa ratificación.

Bueu, 14 de Agosto de 2012

AL CALDE,

Asdo. Félix Juncal Novas

DIANTE MIÑA, A SECRETARIA PS.

Asdo. Araceli C. Pérez Morán